



# CONCELLO DE ARANGA

## **APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO SÉCTOR M3 DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE MONTESALGUEIRO.-**

A Xunta de Goberno Local de Aranga, con data 15/12/2022 acordou:

**Primeiro:** Aprobar de maneira definitiva o Proxecto de Urbanización do Sector M3 do Plan de Sectorización do Polígono Industrial de Montesalgueiro promovido pola Xunta de Compensación do Sector M3 , de conformidade coas indicacións derivadas dos informes sectoriais e informe técnico que obra no expediente.

**Segundo:** Aprobar de maneira definitiva o Proxecto de accesos a Sectores Industriais S-1 e S2 do PXOM na carretera AC-151 PK 32, que ten por obxecto incluír a solución adoptada no acceso ao sector S1 dende a AC-151 e dous accesos ao sector S2, modificando o enlace de Montesalgueiro coa implantación de glorietas nas intercesións e a adecuación da AC 151 e o seu entorno, segundo as indicacións derivadas dos informes sectoriais e informe técnico que obra no expediente.

**Terceiro:** O presente acordo será obxecto de publicación a efectos da súa executividade, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica de Aranga e será notificado aos interesados.

O que se publica para xeral coñecemento de conformidade co artigo 220.c) do Decreto 143/2016 de 22 de setembro que aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Contra o presente acordo , que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación do acordo , conforme o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou recurso contencioso-administrativo segundo o previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, perante o Xulgado do contencioso-administrativo de A Coruña no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao desta publicación. Se se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

Poderá utilizarse, non obstante, calquera outro recurso que se estime pertinente.

Aranga, 20 de decembro de 2022

O alcalde

Asdo.Alberto Platas Álvarez